

## ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano colexiado:</b>
PLN/2021/3	O Pleno

### DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	8 de abril de 2021
<b>Duración</b>	Desde as 20:38 ata as 22:33 horas
<b>Lugar</b>	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
<b>Presidida por</b>	JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS
<b>Secretaria</b>	MARÍA JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

### ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
[REDACTED]	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
[REDACTED]	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
[REDACTED]	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
[REDACTED]	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
[REDACTED]	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
[REDACTED]	CARMEN GÓMEZ OTERO (Interventora)	NON
[REDACTED]	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
[REDACTED]	IVAN MANUEL SANMARTIN EIRIN	SÍ
[REDACTED]	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
[REDACTED]	JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
[REDACTED]	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ
52470095B	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ
[REDACTED]	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
[REDACTED]	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233





52471166R	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
76868700D	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
76871181Y	MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA	SÍ
35440840W	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
52472335C	Mª DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
76865922Z	OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	SÍ
30229121Z	PATRICIA CARRACEDO DURAN	SÍ
76864061Q	SUSANA CAMBA CASTRO	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día; pero antes, o Alcalde fai mención a que se lles foi entregados a cada un dos membros deste Pleno un exemplar dos 500 editados do libro “Torres, Pazos e Casas Fidalgas do Concello da Estrada”, redactado por J.M. Bértolo Ballesteros e Luís M. Ferro Pego e publicado coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

#### A) PARTE RESOLUTIVA

#### **APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 4 DE MARZO DE 2021**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 4 de marzo de 2021, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

#### **Expediente 5000/2020. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA E DEPORTES RELATIVO AO NOMEAMENTO DE SECRETARIO TITULAR E SECRETARIO ACCIDENTAL DO PADROADO DA FUNDACIÓN CULTURAL DA ESTRADA**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Toma a palabra o Concelleiro delegado de Cultura, **D. Juan M. Constenla Carbón**, para explicar que estamos ante o nomeamento dos secretarios titular e accidental do Padroado da Fundación Cultural da Estrada, sendo estes D. Xosé Lueiro Lemos e D. Henrique Vázquez Pernas, respectivamente.

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 5CR59WCZPSCARQLAGAHPPDDKY | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 25



Non habendo intervencións, procédese á votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Visto que a Fundación Cultural da Estrada remitiu a este Concello o certificado emitido por Dna. Margarita Rodríguez Blanco, Secretaria accidental do Padroado da Fundación Cultural da Estrada, no que se establece que:

*"1. Que na reunión do Padroado da Fundación Cultural A Estrada celebrado con data 8 de marzo do 2021, debidamente convocado para o efecto, se celebrou reunión do Padroado coa asistencia dos seguintes membros:*

- 1. Juan M. Constenla Carbón*
- 2. María de Carmen Duran Lea*
- 3. Lucía Seoane Rosende*
- 4. Belén Louzao Vieites*
- 5. Juan Carlos González Barcia*
- 6. Mar Blanco Casais.*
- 7. Clara Iglesias Cortizo*

*2. Que en el punto cuarto do orde do día foi adoptado por unanimidade o seguinte acordo:*

*" Propoñer o nomeamento como secretario/a titular e Secretario/a accidental as seguintes persoas:*

- Secretario titular: Xosé Lueiro Lemos DNI 52.472.339R*
- Secretario accidental: Henrique Vázquez Pernas DNI 35.471.309L"*

Visto que o artigo 17 (Organización do Padroado) dos Estatutos da Fundación Cultural da Estrada (aprobados en sesión plenaria de 21/12/2020), establece, entre outros, que: *"O secretario ou secretaria designado/a libremente en sesión plenaria do Concello da Estrada, con voz e voto se é elixido/a de entre os membros do padroado, ou con voz pero sen voto se esta función recae nunha persoa allea."*

Visto o ditame da Comisión Informativa de Cultura e Deportes, adoptado en sesión do 30/03/2021.

E, ao abeiro do debatido nesta sesión, **ACORDAMOS**:

Nomear como secretario titular e secretario accidental do Padroado da Fundación Cultural da Estrada a:

- Secretario titular: Xosé Lueiro Lemos (DNI 52472339R)
- Secretario accidental: Henrique Vázquez Pernas (DNI 35471309L)

**Expediente 1312/2021. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA E DEPORTES EN RELACIÓN Á PROPOSTA DE SOLICITUDE Á REAL ACADEMIA GALEGA PARA ADICAR O DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2022 A D. MANUEL GARCÍA BARROS "KENKEIRADES"**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Toma a palabra o Concelleiro delegado de Cultura, **D. Juan M. Constenla Carbón**, quen empeza dicindo que, tal e como se tratou na Comisión Informativa de Cultura e Deportes, estamos no momento idóneo para remitir á Academia Galega da Lingua a nosa solicitude para adicar o Día

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 5CR59WCZPSCARQLAGAHPPDDKY | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 25



das Letras Galegas do vindeiro ano 2022 a D. Manuel García Barros (Kenkeirades), por mor de que nese ano cumprese o 50 aniversario do seu pasamento; ademais, este veciño noso de Berres conta con todas as cualidades e circunstancias para poder optar a este nomeamento, porque estamos ante un defensor da nosa lingua polas súas prosas, poesías e ensaios, manifestación do seu tesón por dar a valer e defender o maior tesouro do noso pobo e que é a nosa lingua. Continúa mostrando a súa ledicia polo ditame favorable acadado por unanimidade na precedente Comisión Informativa, someténdose agora á votación nesta sesión plenaria para poder así remitir esta proposta dentro do prazo establecido á Real Academia Galega da Lingua.

Intervén o voceiro do grupo socialista, **D. Luís López Bueno**, manifestando o voto a favor do seu grupo a esta proposta, porque a vida e obra de Manuel García Barros son merecedoras deste recoñecemento, ademais de ser unha boa ocasión para elo por cadrar co 50 aniversario do seu falecemento, pero quere lembrar algunhas cuestións xa comentadas na sesión da Comisión Informativa, tales como que hai xa nomes propostos á Real Academia Galega para o ano 2022, polo que estaría ben achegar con esta proposta unha sorte de semblanza deste autor, porque hai que ser conscientes de que García Barros é máis coñecido no noso concello que fóra del. Así mesmo quere lembrar que hai moitos literarios relacionados co noso concello e que quedan por propoñer, polo que se podía aproveitar para facer un recordatorio deles/as para ter en conta de cara a futuras celebracións, tales como Varela Buxán.

A voceira do grupo municipal de MOVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, intervén para mostrar o seu apoio a esta proposta, querendo destacar que, a maiores do legado de García Barros para a cultura galega, é un referente na loita contra o caciquismo, as inxustizas e as desigualdades, ademais da súa implicación cos movementos agrarios.

Toma a palabra a voceira do grupo municipal MIXTO (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, para trasladar o seu voto a favor desta proposta, por ser García Barros un gran escritor merecedor de este premio. Continúa dicindo que, aínda que non é un recoñecemento que se base en ningún tipo de cuestión política, lle gustaría resaltar que foi un home represaliado e que non puido exercer o seu oficio pola súa ideoloxía e pola defensa do seu idioma e da súa terra, polo tanto é importante este recoñecemento.

Intervén novamente o Concelleiro delegado de Cultura, **D. Juan M. Constenla Carbón**, para puntualizar que a loanza está redactada polo biógrafo D. Carlos Loureiro, na que se recollen todos os méritos de Manuel García Barros e, como xa explicou na Comisión Informativa, recóllese o apoio de diversas asociacións e empresas estradenses, todo elo xuntarase a esta proposta e remitirase á Real Academia Galega.

Non habendo máis intervencións procédese á votación, adoptándose por unanimidade o seguinte **ACORDO:**

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Cultura de data 23/03/2021 para solicitar á Real Academia Galega adicar o Día das Letras Galegas 2022 a D. Manuel García Barros (Kenkeirades).

Visto o ditame da Comisión Informativa de Cultura e Deportes, adoptado en sesión do 30/03/2021.

## Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 5CR59WCZPSCARQLAGAHPDDKY | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 25



E, ao abeiro do debatido nesta sesión, **ACORDAMOS:**

Solicitar á Real Academia Galega adicar o Día das Letras Galegas 2022 a D. Manuel García Barros (Kenkeirades), polo o importante legado que o autor deixou para a lingua, literatura e cultura galegas.

**Expediente 1313/2021. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA E DEPORTES RELATIVO AO APOIO Á PROPOSTA DA XUNTA DE GALICIA PARA A CONCESIÓN DO "PREMIO PRINCESA DE ASTURIAS DE LAS ARTES" A D. ROGELIO GROBA GROBA**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Toma a palabra o Concelleiro delegado de Cultura, **D. Juan M. Constenla Carbón**, para dicir que, sendo coñecedores de que D. Rogelio Groba Groba estaba proposto para o Premio “Princesa de Asturias de las Artes”, este Concello quere ofrecer o seu apoio á proposta para recibir este galardón e que pasaría a formar parte de tantos premios recibidos, nos que podemos destacar o Premio da Xunta de Galicia da Cultura (1992), a medalla Castelao (1995) e o Premio Cultura Galega da Música (2011). Ademais o Sr. Groba Groba, como todos sabemos, deixou a súa pegada na Estrada, xa que foi director da nosa Banda Municipal de Música e precursor da Coral Polifónica Estradense, sendo estes algúns dos motivos polo que se debe de apoiar esta proposta.

O voceiro do grupo socialista, **D. Luís López Bueno**, di que D. Rogelio Groba Groba ten un extenso currículum destacado a nivel nacional, polo que entende que reúne as condicións necesarias e suficientes para optar ao Premio Princesa de Asturias de las Artes. Por outra banda, esta iniciativa é unha forma de unirse ao apoio á Banda Municipal da Estrada, que foi quen a iniciou mediante un escrito á Xunta de Galicia.

Di que considera que esta posible candidatura pon en valor a música da Estrada e, ademais, é unha boa maneira de reivindicar no Premio “Princesa de Asturias de las Artes” a música a nivel nacional, destacando que nas últimas quince edicións deste Premio só houbo dous premios de nacionalidade española.

Continúa manifestando que observa unha pega, que é que o ano pasado xa se lle deu o premio á música, sen embargo hai antecedentes que deixan constancia que en anos consecutivos outorgóuselle o premio á rama musical.

Finalmente, traslada o voto a favor do seu grupo a esta proposta.

Intervén a voceira do grupo municipal de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, trasladando que votará a favor desta proposta polos méritos xustificadas do Sr. Groba Groba, querendo destacar que para A Estrada sería unha satisfacción que este fóra galardoado con este premio Princesa de Asturias.

Pide a palabra a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, para manifestar que votará a favor desta proposta á que considera moi acaida, non só pola calidade das súas obras e extenso currículum, senón tamén polos seus traballos neste concello nun momento en que a

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 5CR59WCZPSCARQLAGAHPPDDKY | Corrección: <https://aeestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 25



cultura non era de fácil acceso para a nosa mocidade.

Non habendo máis intervencións procédese á votación, adoptándose por unanimidade o seguinte **ACORDO:**

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Cultura de data 23/03/2021, pola que se propón apoiar a proposta da Xunta de Galicia para a concesión do “Premio Princesa de Asturias de las Artes” a D. Rogelio Groba Groba (que consta no expediente 1313/2021), antigo director da Banda Municipal da Estrada.

Visto o ditame da Comisión Informativa de Cultura e Deportes, adoptado en sesión do 30/03/2021.

E, ao abeiro do debatido nesta sesión, **ACORDAMOS:**

Apoiar a proposta da Xunta de Galicia para a concesión do “Premio Princesa de Asturias de las Artes” a D. Rogelio Groba Groba, antigo director da Banda Municipal da Estrada.

## FÓRA DA ORDE DO DÍA

Antes de pasar ao apartado de Xestión de Control, o **Sr. Alcalde** pregunta se algún dos grupos políticos municipais queren presentar algunha moción de urxencia, aínda que lle consta que no día de hoxe a voceira de MOVETE presentou por rexistro de entrada unha moción.

Pide a palabra a voceira do grupo municipal de MOVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, para informar que con data data hoxe presentou por rexistro de entrada unha moción pola que propón a adopción dun conxunto de medidas correctoras para protexer aos cabalos salvaxes de Sabucedo e á festa de interese turístico internacional “Rapa das Bestas” ante a construción do parque eólico Campo das Rosas. Xustifica a súa urxencia para ser sometida á súa aprobación dentro do orde do día desta sesión en que en breve remata o prazo para a presentación de alegacións, concretamente o 8 de abril, polo que é necesario que nesta sesión se debata esta moción porque o Concello non pode quedar cos brazos cruzados.

O **Sr. Alcalde** lembra que este asunto xa foi debatido no seu día chegándose a un acordo unánime e, como consecuencia, presentouse no seu momento alegacións aos trámites iniciais deste procedemento co fin de garantir a seguridade da zona de afección da Rapa das Bestas, é máis, este Concello advertira á Xunta de Galicia desta cuestión; sen embargo, considera que non está de máis que nos posicionemos novamente mediante outro trámite medio ambiental. Informa, así mesmo, que entrou por rexistro de entrada a solicitude da Consellería de Industria de ampliación do prazo da exposición pública do proxecto por mor que o prazo cóntase en días hábiles e non naturais como se estaba facendo. Polo anterior, di que mañá se revisará esa cuestión e se ampliará esa exposición, polo que estamos en prazo para efectuar as alegacións necesarias para loitar polos intereses dos nosos veciños e defender o noso patrimonio natural e das nosas tradicións. Polo manifestado o seu grupo de goberno votará a favor da urxencia desta

## Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 5CR59WCZPSCARQLAGAHPPDDKY | Corrección: <https://eestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 25



moción.

Procédese á votación da urxencia da moción, sendo esta aprobada por unanimidade, pasando a incluír o expediente da nomeada moción na orde do día e debater a mesma:

**Expediente 1592/2021. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE MÓVETE PARA ADOPTAR UN CONXUNTO DE MEDIDAS CORRECTORAS PARA PROTEXER OS CABALOS SALVAXES DE SABUCEDO E A FESTA DE INTERESE TURÍSTICO INTERNACIONAL RAPA DAS BESTAS ANTE A CONSTRUCCIÓN DO PARQUE EÓLICO CAMPO DAS ROSAS.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Ao tratarse dunha moción presentada polo grupo municipal de MOVETE, toma a palabra a súa voceira, **Dna. Mar Blanco Casais**, a cal prefere que faga a presentación o concelleiro do seu mesmo grupo **D. Iván Sanmartín Eirín**, o cal procede a explicar a moción que se transcribe literalmente de seguido:

*Con data 2 de marzo de 2021 publicase no DOGA Núm. 41 a RESOLUCIÓN do 19 de febreiro de 2021, da Xefatura Territorial de Pontevedra, Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación pola que se somete a información pública o estudo de impacto ambiental e as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción e aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e declaración de utilidade pública do proxecto do parque eólico Campo das Rosas, sito nos concellos da Estrada, Cerdedo-Cotobade e Campo Lameiro, da provincia de Pontevedra (IN408A 2017/05).*

*Consultado o Estudo de Impacto Ambiental redactado pola consultora obsérvase unha case total falta de referencia aos cabalos salvaxes que habitan nos montes nos que se proxectou o parque eólico. En ningún momento se valora o impacto sobre a poboación de cabalos salvaxes que concorre á citada Rapa das Bestas nin sobre a súa hábitat. Unicamente expónse que na fase de funcionamento os aeroxeneradores non deberían afectar á vida dos animais no monte, pero sen sustento técnico nin científico para afirmalo.*

*A importancia desta poboación de cabalos radica no valor cultural e turístico do seu sistema de manexo tradicional, por medio de Rapa das Bestas, pero tamén no seu valor papel ecolóxico, modelando hábitats de interese comunitario como os brezales e como presa principal do lobo. Así mesmo debe ser considerada a súa importancia para reducir a biomasa forestal e polo tanto o risco de incendios.*

*Os cabalos salvaxes de Sabucedo habitan nun conxunto montañoso de elevacións entre os 400 e os 800 m situados entre os ríos Umia ao norte e Lérez ao sur. Na parte central elévanse os Montes de Montouto con altitudes máximas entre os 600 e 700 m, e ao oeste, o monte máis destacado do conxunto, que é o Cádavo, con 804 m. Este macizo está rodeado de numerosos lugares pertencentes a distintas parroquias dos concellos da Estrada, Cerdedo, Campolameiro e Cuntis. A zona que por regra xeral ocupan os cabalos abarca unha superficie de 3.000 ha.*

*O censo actual de cabalos salvaxes nestes montes estimouse en 250 animais, poñéndose de manifesto unha notable merma na poboación nos últimos anos. Para esta estimación, o equipo da*

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 5CR59WCZPSCARQLAGAHPPDDKY | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 25



*Universidade da Coruña que participa no GOI realizou prospeccións mensuais no área de estudo, entre marzo e setembro de 2018, identificando as distintas manadas pola súa garañón (o macho) e realizando sucesivos conteos do tamaño de cada manada ao longo do ano.*

*A poboación de cabalos de Sabucedo repártese en 11-12 manadas, cuxa cohesión pode diminuír no inverno cando algunhas son observadas disgregadas en grupos máis pequenos. Os cabalos ocupan determinadas porcións xeográficas do espazo coñecidas como áreas de campeo, as cales establecen de forma que poidan dispoñer dos distintos recursos necesarios para a súa supervivencia (Boyd e Keiper 2005), por exemplo alimento, auga, refuxio, zonas aireadas onde protexerse de insectos. Dentro destas a localización dos mananciais onde beber parece ser fundamental para a disposición do área de campeo. Así mesmo na área de campeo poden defenderse da súa depredador natural que é o lobo.*

*Na zona existe unha conflitividade social patente debida á invasión ocasional de leiras por parte dos cabalos salvaxes e pola súa presenza, tamén ocasional en vías de comunicación. Estes problemas chegaron en casos extremos a dar lugar a matanzas dos cabalos por parte dalgúns veciños. Este efecto está agudizado polo feito de que as mellores zonas que ocupaban os cabalos foron convertidas a pastizales cuxo uso inicialmente restrinxíuse ás vacas, non estando permitido o acceso dos cabalos. Prevese que esta problemática intensifíquese se se causan desprazamentos das áreas de campeo cara ás zonas máis baixas do monte. Así mesmo unha gran porcentaxe de potros morren depredados polos lobos. A inestabilidade das manadas púxose de manifesto como un dos factores que pode aumentar a probabilidade de depredación (Lagos 2013).*

#### *Afeccións previstas*

*Tanto durante a fase de construción como de funcionamento o parque eólico ocupará unha importante porción do área de campeo de polo menos polo menos catro manadas que poden sumar uns 90 cabalos adultos, sen ter en conta as pistas de acceso. Isto supón privalos de parte dos seus recursos: hábitats onde alimentarse, mananciais onde beber, altos onde protexerse de insectos.*

*As principais afeccións que se consideran na fase de funcionamento son:*

*As instalacións alteran a dinámica dos mananciais que utilizan os cabalos, podendo provocar cambios nas áreas de campeo.*

*A localización dos eólicos ocupará zonas altas, recurso imprescindible para airearse e protexerse de insectos no verán, o que pode provocar desprazamentos das manadas e inestabilidade das mesmas.*

*A ocupación permanente de zonas de alimentación pode provocar así mesmo desprazamentos das manadas e inestabilidade das mesmas.*

*As pistas aumentarán a accesibilidade de vehículos á zona, o que xerará molestias aos cabalos e ata se poden dar atropelos.*

*O ruído dos aeroxeradores limita substancialmente a comunicación a través de rinchos que as bestas usan para alertar de perigos ou chamar ás súas crías, e no caso de ataque de lobo tamén dificultan o feito de oír como se achega o mesmo.*

*As principais afeccións que se consideran na fase de construción son:*

*Ocupación dunha considerable proporción das áreas de campeo de 5 manadas de cabalos: alteración de zonas de alimentación, de mananciais, ocupación de zonas onde protexerse de insectos. Isto ocasionará inestabilidade nas manadas e desprazamentos das áreas de campeo cara ás zonas máis baixas do monte, podendo aumentar a conflitividade social.*

*Que finalmente é moi grave que o Informe de Impacto Ambiental obvia que a parte do de Campos*







*das Rosas existen outros catro proxectos, o Parque Eólico Pico Touriñán, Parque Eólico Touriñán III-2, Parque Eólico Rosa dos Ventos e o Parque Eólico de Pedra Longa que tamén afectan ao territorio que ocupan as bestas salvaxes, polo que esta afección conxunta reviste aínda moita maior gravidade.*

*A instalación destes aeroxeneradores, dende o punto de vista paisaxístico, supón unha saturación total da comarca de Tabeirós Terra de Montes, probada pola afección doutros parques eólicos que xa na actualidade están a exercer unha forte presión paisaxística alterando os valores propios da zona. De todos é coñecido o elevado potencial de turismo rural da Comarca de Tabeirós Terra de Montes, ofertando os seus valores medioambientais, etnográficos e paisaxísticos como os aspectos que cobran máis forza neste potencial. Considérase polo tanto que a alteración paisaxística que provocará a implantación dun novo Parque Eólico suporá un elemento negativo e tremendamente limitante para o desenrolo desta actividade. A esta premisa cabe engadir a mala valoración dos aeroxeneradores por parte da crecente demanda do turismo rural e incluso do residencial, o que converte a paisaxe, principal motivo citado na elección deste destino turístico, nun recurso económico indiscutible ameazado por esta posible instalación. Esta información está contrastada con distintas publicacións en prensa, referentes a distintos parques eólicos en España, como son os xornais “El Mundo”, “Información”, “El País”, “A Voz de Galicia”, ou estudos como o da Universidade de Extremadura, publicado no ano 2001, no que se conclúe que “o turismo e a enerxía eólica non son compatibles”, apoiado posteriormente polo “Manifesto de membros da Unidade de Xeografía da Universidade Rovira i Virgili” de Tarragona no mesmo senso, por mencionar algunha fonte entre outras moitas. Así mesmo a proximidade do proxecto proposto a zonas incluídas na Rede Natura 2000 (consonte o Decreto 72/2004, do 2 de abril), como son o LIC Serra do Cando ou LIC Serra do Candán ou Brañas de Xestoso, afectaría negativamente sobre as mesmas provocando unha merma importante dos valores paisaxísticos das mesmas. Noutro senso de novo a envergadura dos aeroxeneradores en si, representa un impacto paisaxístico indubidable, que afectará ás posibilidades de desenvolvemento turístico da comarca e alterará a relación dos habitantes co seu medio, dada a proximidade do núcleos de poboación aos posibles aeroxeneradores. Dita afección unida ao cambio total da fisionomía do territorio de montaña, practicamente intacto ata a actualidade, provocada tanto pola instalación dos aeroxeneradores e das infraestruturas anexas como pola apertura de pistas, representan un impacto paisaxístico demoledor. No tocante a outras actividades culturais e turísticas, asociado aos valores culturais e naturais, cabe sinalar que no Concello da Estrada ofértanse distintos servizos turísticos como son a “Rutas BTT”, como a Ruta Rapa das Bestas e as “Rutas Micolóxicas polos espazos naturais do concello”, visitas aos petróglifos. Ditas actividades veranse directamente afectadas polos múltiples impactos e que non están nin avaliadas no estudo sometido a información pública, nin tan sequera contempladas no mesmo. Así en resumo mentres o parque eólico creara emprego só durante a fase de implementación do mesmo, estase a prexudicar a unha industria, como é a turística que crea emprego de maneira estable e duradeira.*

*II.- En relación á URXENCIA DA PRESENTE MOCIÓN indicar que na propia publicación do DOGA que mais arriba se sinala se establece que todas aquelas persoas, naturais ou xurídicas, que se consideren prexudicadas nos seus dereitos poidan presentar as alegacións, no prazo de trinta (30) días a partir do día seguinte ao da última publicación desta resolución ou a partir da correspondente notificación individual aos afectados. Deste xeito posto que a publicación tivo*

## **Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 5CR59WCZPSCARQLAGAHPPDDKY | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 25

lugar o día 2 de marzo de 2021 o prazo para realizar alegacións finalizaría o vindeiro 16 de abril de 2021, polo que é moi urxente debatir o presente asunto no presente pleno de data de 8 de abril de 2021.

Por todo isto, o Grupo Municipal de Móvete do Concello da Estrada, presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal os seguintes ACORDOS:

1. Realizar ALEGACIONES ao ESTUDIO DE IMPACTO AMBIENTAL DE XEITO que se inste á Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación a que declare non axustados a dereito o estudo de impacto ambiental e as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción e aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e declaración de utilidade pública do proxecto do parque eólico Campo das Rosas, sito nos concellos da Estrada, Cerdedo-Cotobade e Campo Lameiro, da provincia de Pontevedra (IN408A 2017/05).
2. Subsidiariamente que obrigue á empresa promotora do parque eólico a adaptar un conxunto de medidas correctoras para minimizar o impacto causado polo proxecto de Parque Eólico Campo da Rosas ás circunstancias específicas que supón a presenza dos animais pertencentes á Asociación Rapa das Bestas de Sabucedo, así como, á realización no seu entorno da festa de interese turístico internacional Rapa das Bestas de Sabucedo propoñendo entre outras, as seguintes medidas, que deberán ser abordadas pola empresa promotora do parque eólico:
  - Pechaduras perimetrais naquelas zonas onde se prevé que os animais incrementen os seus movementos cara ás mesmas.
  - Pasos canadienses nas pistas de acceso.
  - Sinalización específica de cabalos na vía e máximos de velocidade acordos coa presenza destes équidos nas pistas.
  - Garantir o mantemento das dinámicas hidrolóxicas de mananciais e fontes.
  - Incluír no Plan de Vixilancia Ambiental o deseño dun procedemento que permita estimar os desprazamentos das áreas de campeo que provocou o parque eólico e as zonas onde aumentaron os casos de invasións de leiras ou de acceso ás estradas. É dicir, seguimento das manadas para avaliar os movementos provocados polos cabalos e aquelas zonas onde é necesario reforzar pechaduras.”

Intervén o voceiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luís López Bueno**, quen di que o seu grupo non só está preocupado por este campo eólico, senón tamén por outros que se proxectan e incluso algún en fase de execución e que afectan ao noso municipio, por tales razóns van a apoiar esta moción e aos acordos que nela se propoñen pero puntualizando dúas cousas, unha que xa hai acordos adoptados por este Pleno para protexer os intereses da veciñanza estradense a este respecto e, en segundo lugar, o seu grupo político xa se manifestou en reiteradas ocasións en relación aos campos eólicos, de xeito que o Concello se puxera a disposición dos veciños á hora de elaborar as súas alegacións como particulares así como para redactar unha alegación máis elaborada dende o propio Concello. Remarcadas as dúas anteriores cuestións, di que lle parece





fundamental que sexa organizada unha xuntanza con técnicos municipais e cos grupos políticos para decidir cales poden ser as liñas posibles de alegación e cales se van a escoller para redactar esas alegacións institucionais, xa que considera que as mesmas deberían ter unha base técnica para que poidan chegar a bo porto e que non sexan desestimadas.

Continúa dicindo que comparte o dito polo concelleiro de Móvete, sobre que unha das liñas é unha práctica torticeira de fraccionar os terreos facendo varios parques, cando se podería unir todo nun macroparque.

Comunica que o seu grupo político está a traballar sobre este asunto, esperando que en breve téñanse certos resultados de carácter técnico para ter unha postura definitiva ben marcada; en todo caso apoiará esta moción tendo en conta que, dentro do punto primeiro, hai unha mención ao sentido no que se ten que pronunciar esa alegación, ao que considera que antes habería que facer a reunión cos técnicos o antes posible para decidir o sentido que debería levar a alegación do Concello.

Toma a palabra a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, trasladando o seu apoio a esta moción así como a preocupación ante este tipo de proxectos de xeración de enerxía que están a acabar co noso país, de feito o BNG está a levar esta preocupación ao Parlamento. Di que lle parece moi acertada esta moción e, en concreto, co recollido no primeiro punto da proposta do acordo, xa que non hai un estudo sobre o impacto medio ambiental demasiado claro, preguntándose o por que, así que entende que isto debería de repasar e que expliquen máis polo miúdo. De todos os xeitos, as alegacións hai que facelas e dentro do prazo establecido.

Di que este é un tema tremendo porque estannos chantando os viraventos en lugares que rematan co noso patrimonio natural, etnográfico e medio ambiental, sen explicar os criterios que se están a seguir para a súa elección e sen obter ningún beneficio económico os veciños e veciñas afectados/as, polo que é de recibo dicir algo mediante as respectivas alegacións e facendo os estudos técnicos pertinentes, ademais de que as forzas políticas se unan para ver o que se pode facer, avisando que todos os acordos que se tomen sobre este asunto se leven a cabo e non queden en papel.

O **Sr. Alcalde** di que non hai moito máis debate ante un asunto en que todos os grupos municipais están de acordo, o que queda manifestado por acordos unánimes adoptados anteriormente mediante os que se manifestou a defensa do noso patrimonio, debendo seguir nesa liña, para elo farase unha reunión de voceiros para determinar o enfoque da estratexia a seguir á hora de redactar as alegacións a este proxecto, ademais intentará buscar o documento que foi enviado a partires dun previo acordo unánime para protexer o noso patrimonio ante a instalación do nomeado parque eólico. Tamén di que coincide co voceiro do grupo socialista en estender esta preocupación e loita a todos aqueles futuros e actuais proxectos doutros parques eólicos que afectarán ao noso territorio, para elo é necesario facer unha análise e, por esa razón, débese crear ese grupo de traballo contando cun asesoramento técnico interno ou externo, no seu caso, e así elaborar unha estratexia conxunta que nos leve a bo porto, defendendo os intereses dos nosos veciños e veciñas.

Finalmente, co compromiso da convocatoria desa reunión de voceiros, sométese o asunto a votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

## Concello da Estrada





Vista a moción presentada polo grupo político municipal de MOVETE con data 08/04/2021 (2021-E-RPLN-2), que se transcribe a continuación:

#### **“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*I.- Con data 2 de marzo de 2021 publícase no DOGA Núm. 41 a RESOLUCIÓN do 19 de febreiro de 2021, da Xefatura Territorial de Pontevedra, Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación pola que se somete a información pública o estudo de impacto ambiental e as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción e aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e declaración de utilidade pública do proxecto do parque eólico Campo das Rosas, sito nos concellos da Estrada, Cerdedo-Cotobade e Campo Lameiro, da provincia de Pontevedra (IN408A 2017/05).*

*Consultado o Estudo de Impacto Ambiental redactado pola consultora obsérvase unha case total falta de referencia aos cabalos salvaxes que habitan nos montes nos que se proxectou o parque eólico. En ningún momento se valora o impacto sobre a poboación de cabalos salvaxes que concorre á citada Rapa das Bestas nin sobre a súa hábitat. Unicamente expónse que na fase de funcionamento os aeroxeneradores non deberían afectar á vida dos animais no monte, pero sen sustento técnico nin científico para afirmalo.*

*A importancia desta poboación de cabalos radica no valor cultural e turístico do seu sistema de manexo tradicional, por medio de Rapa das Bestas, pero tamén no seu valor papel ecolóxico, modelando hábitats de interese comunitario como os brezales e como presa principal do lobo. Así mesmo debe ser considerada a súa importancia para reducir a biomasa forestal e polo tanto o risco de incendios.*

*Os cabalos salvaxes de Sabucedo habitan nun conxunto montañoso de elevacións entre os 400 e os 800 m situados entre os ríos Umia ao norte e Lerez ao sur. Na parte central elévanse os Montes de Montouto con altitudes máximas entre os 600 e 700 m, e ao oeste, o monte máis destacado do conxunto, que é o Cádavo, con 804 m. Este macizo está rodeado de numerosos lugares pertencentes a distintas parroquias dos concellos da Estrada, Cerdedo, Campolameiro e Cuntis. A zona que por regra xeral ocupan os cabalos abarca unha superficie de 3.000 ha.*

*O censo actual de cabalos salvaxes nestes montes estimouse en 250 animais, poñéndose de manifesto unha notable merma na poboación nos últimos anos. Para esta estimación, o equipo da Universidade da Coruña que participa no GOI realizou prospeccións mensuais no área de estudo, entre marzo e setembro de 2018, identificando as distintas manadas pola súa garañón (o macho) e realizando sucesivos conteos do tamaño de cada manada ao longo do ano.*

*A poboación de cabalos de Sabucedo repártese en 11-12 manadas, cuxa cohesión pode diminuír no inverno cando algunhas son observadas disgregadas en grupos máis pequenos. Os cabalos ocupan determinadas porcións xeográficas do espazo coñecidas como áreas de campeo, as cales establecen de forma que poidan dispoñer dos distintos recursos necesarios para a súa supervivencia (Boyd e Keiper 2005), por exemplo alimento, auga, refuxio, zonas aireadas onde protexerse de insectos. Dentro destas a localización dos mananciais onde beber parece ser fundamental para a disposición do área de campeo. Así mesmo na área de campeo poden defenderse da súa depredador natural que é o lobo.*

*Na zona existe unha conflictividade social patente debida á invasión ocasional de leiras por parte dos cabalos salvaxes e pola súa presenza, tamén ocasional en vías de comunicación. Estes problemas chegaron en casos extremos a dar lugar a*

#### **Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 5CR59WCZPSCARQLAGAHPPDDKY | Corrección: <https://aeestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 25

matanzas dos cabalos por parte dalgúns veciños. Este efecto está agudizado polo feito de que as mellores zonas que ocupaban os cabalos foron convertidas a pastizales cuxo uso inicialmente restrinxíuse ás vacas, non estando permitido o acceso dos cabalos. Prevese que esta problemática intensifíquese se se causan desprazamentos das áreas de campeo cara ás zonas máis baixas do monte. Así mesmo unha gran porcentaxe de potros morren depredados polos lobos. A inestabilidade das manadas púxose de manifesto como un dos factores que pode aumentar a probabilidade de depredación (Lagos 2013).

#### Afeccións previstas

Tanto durante a fase de construción como de funcionamento o parque eólico ocupará unha importante porción do área de campeo de polo menos polo menos catro manadas que poden sumar uns 90 cabalos adultos, sen ter en conta as pistas de acceso. Isto supón privalos de parte dos seus recursos: hábitats onde alimentarse, mananciais onde beber, altos onde protexerse de insectos.

As principais afeccións que se consideran na fase de funcionamento son:

As instalacións alteran a dinámica dos mananciais que utilizan os cabalos, podendo provocar cambios nas áreas de campeo.

A localización dos eólicos ocupará zonas altas, recurso imprescindible para airearse e protexerse de insectos no verán, o que pode provocar desprazamentos das manadas e inestabilidade das mesmas.

A ocupación permanente de zonas de alimentación pode provocar así mesmo desprazamentos das manadas e inestabilidade das mesmas.

As pistas aumentarán a accesibilidade de vehículos á zona, o que xerará molestias aos cabalos e ata se poden dar atropelos.

O ruído dos aeroxeradores limita substancialmente a comunicación a través de rinchos que as bestas usan para alertar de perigos ou chamar ás súas crías, e no caso de ataque de lobo tamén dificultan o feito de oír como se achega o mesmo.

As principais afeccións que se consideran na fase de construción son:

Ocupación dunha considerable proporción das áreas de campeo de 5 manadas de cabalos: alteración de zonas de alimentación, de mananciais, ocupación de zonas onde protexerse de insectos. Isto ocasionará inestabilidade nas manadas e desprazamentos das áreas de campeo cara ás zonas máis baixas do monte, podendo aumentar a conflictividade social.

Que finalmente é moi grave que o Informe de Impacto Ambiental obvia que a parte do de Campos das Rosas existen outros catro proxectos, o Parque Eólico Pico Touriñán, Parque Eólico Touriñán III-2, Parque Eólico Rosa dos Ventos e o Parque Eólico de Pedra Longa que tamén afectan ao territorio que ocupan as bestas salvaxes, polo que esta afección conxunta reviste aínda moita maior gravidade.

A instalación destes aeroxeneradores, dende o punto de vista paisaxístico, supón unha saturación total da comarca de Tabeirós Terra de Montes, probada pola afección doutros parques eólicos que xa na actualidade están a exercer unha forte presión paisaxística alterando os valores propios da zona. De todos é coñecido o elevado potencial de turismo rural da Comarca de Tabeirós Terra de Montes, ofertando os seus valores medioambientais, etnográficos e paisaxísticos como os aspectos que cobran máis forza neste potencial. Considérase polo tanto que a alteración paisaxística que provocará a implantación dun novo Parque Eólico suporá un elemento negativo e tremendamente limitante para o desenrolo desta actividade. A esta premisa cabe engadir a mala valoración dos aeroxeneradores por parte da crecente demanda do turismo rural e incluso do residencial, o que converte a







*paisaxe, principal motivo citado na elección deste destino turístico, nun recurso económico indiscutible ameazado por esta posible instalación. Esta información está contrastada con distintas publicacións en prensa, referentes a distintos parques eólicos en España, como son os xornais “El Mundo”, “Información”, “El País”, “A Voz de Galicia”, ou estudos como o da Universidade de Extremadura, publicado no ano 2001, no que se conclúe que “o turismo e a enerxía eólica non son compatibles”, apoiado posteriormente polo “Manifesto de membros da Unidade de Xeografía da Universidade Rovira i Virgili” de Tarragona no mesmo senso, por mencionar algunha fonte entre outras moitas. Así mesmo a proximidade do proxecto proposto a zonas incluídas na Rede Natura 2000 (consonte o Decreto 72/2004, do 2 de abril), como son o LIC Serra do Cando ou LIC Serra do Candán ou Brañas de Xestoso, afectaría negativamente sobre as mesmas provocando unha merma importante dos valores paisaxísticos das mesmas. Noutro senso de novo a envergadura dos aeroxeneradores en si, representa un impacto paisaxístico indubidable, que afectará ás posibilidades de desenvolvemento turístico da comarca e alterará a relación dos habitantes co seu medio, dada a proximidade do núcleos de poboación aos posibles aeroxeneradores. Dita afección unida ao cambio total da fisionomía do territorio de montaña, practicamente intacto ata a actualidade, provocada tanto pola instalación dos aeroxeneradores e das infraestruturas anexas como pola apertura de pistas, representan un impacto paisaxístico demoledor. No tocante a outras actividades culturais e turísticas, asociado aos valores culturais e naturais, cabe sinalar que no Concello da Estrada ofértanse distintos servizos turísticos como son a “Rutas BTT”, como a Ruta Rapa das Bestas e as “Rutas Micolóxicas polos espazos naturais do concello”, visitas aos petróglifos. Ditas actividades veranse directamente afectadas polos múltiples impactos e que non están nin avaliadas no estudo sometido a información pública, nin tan sequera contempladas no mesmo. Así en resumo mentres o parque eólico creara emprego só durante a fase de implementación do mesmo, estase a prexudicar a unha industria, como é a turística que crea emprego de maneira estable e duradeira.*

*II.- En relación á URXENCIA DA PRESENTE MOCIÓN indicar que na propia publicación do DOGA que mais arriba se sinala se establece que todas aquelas persoas, naturais ou xurídicas, que se consideren prexudicadas nos seus dereitos poidan presentar as alegacións, no prazo de trinta (30) días a partir do día seguinte ao da última publicación desta resolución ou a partir da correspondente notificación individual aos afectados. Deste xeito posto que a publicación tivo lugar o día 2 de marzo de 2021 o prazo para realizar alegacións finalizaría o vindeiro 16 de abril de 2021, polo que é moi urxente debatir o presente asunto no presente pleno de data de 8 de abril de 2021.*

*Por todo isto, o Grupo Municipal de Móvete do Concello da Estrada, presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal os seguintes ACORDOS:*

- 3. Realizar ALEGACIÓNS ao ESTUDO DE IMPACTO AMBIENTAL DE XEITO que se inste á Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación a que declare non axustados a dereito o estudo de impacto ambiental e as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción e aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e declaración de utilidade pública do proxecto do parque eólico Campo das*

## **Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 5CR59WCZPSCARQLAGAHPDDKY | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 25



*Rosas, sito nos concellos da Estrada, Cerdedo-Cotobade e Campo Lameiro, da provincia de Pontevedra (IN408A 2017/05).*

4. *Subsidiariamente que obrigue á empresa promotora do parque eólico a adaptar un conxunto de medidas correctoras para minimizar o impacto causado polo proxecto de Parque Eólico Campo da Rosas ás circunstancias específicas que supón a presenza dos animais pertencentes á Asociación Rapa das Bestas de Sabucedo, así como, á realización no seu entorno da festa de interese turístico internacional Rapa das Bestas de Sabucedo propoñendo entre outras, as seguintes medidas, que deberán ser abordadas pola empresa promotora do parque eólico:*

- *Pechaduras perimetrais naquelas zonas onde se prevé que os animais incrementen os seus movementos cara ás mesmas.*
- *Pasos canadienses nas pistas de acceso.*
- *Sinalización específica de cabalos na vía e máximos de velocidade acordos coa presenza destes équidos nas pistas.*
- *Garantir o mantemento das dinámicas hidrolóxicas de mananciais e fontes.*
- *Incluír no Plan de Vixilancia Ambiental o deseño dun procedemento que permita estimar os desprazamentos das áreas de campeo que provocou o parque eólico e as zonas onde aumentaron os casos de invasións de leiras ou de acceso ás estradas. É dicir, seguimento das manadas para avaliar os movementos provocados polos cabalos e aquelas zonas onde é necesario reforzar pechaduras.”*

Visto o debatido nesta sesión.

#### **ACORDAMOS:**

**Primeiro.-** Realizar ALEGACIÓNS ao ESTUDO DE IMPACTO AMBIENTAL DE XEITO que se inste á Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación a que declare non axustados a dereito o estudo de impacto ambiental e as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción e aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e declaración de utilidade pública do proxecto do parque eólico Campo das Rosas, sito nos concellos da Estrada, Cerdedo-Cotobade e Campo Lameiro, da provincia de Pontevedra (IN408A 2017/05).

**Segundo.-** Subsidiariamente que obrigue á empresa promotora do parque eólico a adaptar un conxunto de medidas correctoras para minimizar o impacto causado polo proxecto de Parque Eólico Campo da Rosas ás circunstancias específicas que supón a presenza dos animais pertencentes á Asociación Rapa das Bestas de Sabucedo, así como, á realización no seu entorno da festa de interese turístico internacional Rapa das Bestas de Sabucedo propoñendo entre outras, as seguintes medidas, que deberán ser abordadas pola empresa promotora do parque eólico:

- a. *Pechaduras perimetrais naquelas zonas onde se prevé que os animais incrementen os seus movementos cara ás mesmas.*
- b. *Pasos canadienses nas pistas de acceso.*
- c. *Sinalización específica de cabalos na vía e máximos de velocidade*





- acordes coa presenza destes équidos nas pistas.
- d. Garantir o mantemento das dinámicas hidrolóxicas de mananciais e fontes.
  - e. Incluír no Plan de Vixilancia Ambiental o deseño dun procedemento que permita estimar os desprazamentos das áreas de campeo que provocou o parque eólico e as zonas onde aumentaron os casos de invasións de leiras ou de acceso ás estradas. É dicir, seguimento das manadas para avaliar os movementos provocados polos cabalos e aquelas zonas onde é necesario reforzar pechaduras.

Non habendo máis asuntos ou moción de urxencia, pásase a:

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

### **DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 31 DE MARZO DE 2021, AMBOS OS DOUS INCLUÍDOS.**

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 1 e 31 de marzo de 2021 (ambos os dous incluídos), que van dende o número 2021-0229 ao número 2021-0385 (incluídos os dous).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

## C) ROGOS E PREGUNTAS

Inicia a quenda o voceiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luís López Bueno**, para dicir, en relación coas manifestacións na prensa local do Concelleiro delegado de Urbanismo sobre as pintadas existentes na parede ao inicio da rúa Irida, que lle pareceron unhas declaracións ridículas, deixando claro cales son as preocupacións do grupo de goberno pola limpeza do casco urbano. Ante o anterior prega que se inicie o procedemento que corresponda, e que se axilice tamén o procedemento para a contratación de persoal de mantemento con cargo ao Plan Concellos, porque o propio persoal funcionario traslada a necesidade de reforzar o apoio para a limpeza do casco urbano.

O **Sr. Alcalde** aclara que a brigada de mantemento non existe, senón que, dentro da subvención do Plan Concellos, contrátase persoas para levar a cabo esta labor de mantemento e doutras; informa tamén que dita contratación está en marcha, recibíndose fai pouco a relación de persoas seleccionadas polo INEM e proximamente nomearanse aos tribunais que xulgarán as probas para comenzo a selección a semana que ven, concretamente o xoves.

O **Sr. Luís López Bueno** di que se están a recibir queixas pola falta de limpeza das beirarrúas do noso concello, das zonas de xogo dos xardíns municipais, do lixo da

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 5CR59WCZPSCARQLAGAHPPDDKY | Corrección: <https://eestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 25

Avda de Pontevedra e do mantemento dos parques infantís existentes no rural, de feito fai unhas semanas as mulleres rurais de San Miguel de Castro limparon esa zona xa que o Concello non foi capaz de asumir esa tarefa. Polo dito insta a que o Concello mellore estes servizos.

Pregunta sobre en que punto está a tramitación do contrato do lixo, porque fai xa un ano dende que o grupo de goberno anuncio sacar adiante esta contratación sen que a día de hoxe se teñan novas ao respecto.

O **Sr. Alcalde** responde que a contratación de lixo e limpeza viaria é un tema que lle preocupa moito, non tendo constancia de que existan moitas queixas veciñais pola falta de limpeza viaria, tan só solicitudes de veciños para que os traballadores encargados se acheguen a zonas concretas, polo que considera que o servizo está cuberto.

Con respecto ao contrato do lixo, informa que está sendo complexo a redacción do prego de condicións técnicas, porque a maioría destes contratos sofren da interposición de recursos por empresas e, por esta causa, é necesario perfilar moi ben o prego. Di que mañá está prevista unha reunión coa empresa IDOM (asesoría técnica contratada e que está a elaborar ditos pregos) co fin de acelerar o procedemento e poder lanzar canto antes a licitación, porque ditos pregos recollen non só os contedores verdes, senón tamén os servizos de recollida selectiva, punto limpo, recollida de voluminosos e a introdución do quinto contedor de fracción resto e orgánica.

O **Sr. López Bueno** di que tamén espera que a contratación arranque pronto, porque é a mesma resposta que se deu en anteriores sesións plenarias.

Continúa lembrando que se anunciara en prensa a intención do goberno local de acollerse ao Plan Revitaliza da Deputación Provincial de Pontevedra, o que permitiría adquirir estacións comunitarias de compostaxe e persoal para atendelos, polo que pregunta se se avanzou sobre esta cuestión.

Responde o **Sr. Alcalde** que se fixeron unhas xornadas de sensibilización e o reparto de composteiros domésticos individuais mediante SOGAMA, actuación que quedou deslucida por mor do COVID-19, pero seguirase traballando nesa liña e insistir na compostaxe doméstica co fin de evitar que para o ano 2023 o Concello teña que pagar por mandar os residuos a unha planta de compostaxe; para acadar este obxectivo están programadas unhas campañas de sensibilización medio ambientais a través da EDUSI, ademais se está a valorar o incorporar unha actuación de mellora no Punto Limpo.

Con respecto ao Plan da Deputación, non lembra a súa situación, aínda que cre que non estamos adheridos ao mesmo, pero estase a traballar nesa liña coas estratexias e actuacións que enumerou anteriormente.

O **Sr. López Bueno** reitera a postura do seu grupo sobre este asunto, porque o adherirse ao Plan Revitaliza ten vantaxes moi significativas para o Concello da Estrada ao facilitarse os composteiros comúns para colocar no caso urbano. Invita a que o grupo de goberno decida adherirse ao nomeado plan durante este ano e aproveitar este instrumento da Deputación, ademais de supoñer un aforro para todos os veciños e veciñas da Estrada ao ter que pagar menor canon a Sogama ao final de ano.

Continuando coa súa intervención, di que o Sr. Alcalde mantivo unha reunión cos responsables de LIDL ao fío do seu proxecto na zona da Baiuca (parado dende o ano 2006), polo que lle gustaría saber o resultado desta reunión, se LIDL ten plans de deseñar a súa superficie comercial neste terreo o volverá a escorrer o vulto.

O **Sr. Alcalde** lle responde que LIDL non escorre o vulto nin nada parecido, senón que



se trata dunha empresa que no seu momento adquiriu ese terreo urbano desenvolvido a través dunha modificación puntual das normas subsidiarias vixentes naquelas datas, e pode facer con esa parcela o que desexe por ser a súa propietaria. Di que tivo varias reunións con esta empresa, nas que nunca observou un interese por vender ese terreo, máis ben que ían a incluír este dentro do plan de expansión desta multinacional para o ano 2022, apostando por este proxecto, pero ao final quen decide é a propia empresa. Na última reunión mantida, esta entidade interesouse polo prazos de cara á apertura do centro e así elaborar un calendario e unha memoria que elevarán ao órgano de decisión da mesma empresa, así como tamén se a nave a instalar se adecuaría ao tipo de terreo e ás súas características; nesa mesma reunión se lle informou que o único problema podería estar en Fomento debido á zona de afección de 50 metros.

En relación ao antigo centro de saúde da Estrada, o **Sr. López Bueno** di que se alegra do cambio de postura do grupo de goberno e agora estean interesados no cambio de afección desta edificación por parte da Xunta de Galicia e, a este respecto, observa que non últimos días a presión do grupo socialista fixo efecto á hora de iniciar o respectivo expediente. Pregunta a quen se dirixiu o grupo municipal para solicitar a renuncia e se se prevé certa prontitude á renuncia da Xunta a este edificio, porque esas instalacións necesitan unhas actuacións urxentes polo mal estado no que se atopan, pregando que se axilicen os trámites para acadar ese fin.

Aclara o **Sr. Alcalde** que nunca se cambiou de opinión con respecto a este tema, cre que si a solución é a venda, segundo trasladou o Ministerio no seu momento, non lle ve moita expectativa a ese proxecto, porque entre administracións debería de haber outro tipo de alternativas. Continúa dicindo que esta negociación é difícil á vista de iguais situacións que se viviron noutros concellos sen que o Ministerio cedera a ningún tipo de acordo, pero está claro que o valor de mercado da parcela do Centro de Saúde pode supoñer un enorme esforzo para o Concello, non só pola merca, senón polas actuacións a realizar posteriormente.

O dito anteriormente foi exactamente o que dixo dende un principio, nunca mudou de opinión e se o Ministerio valorase a opción de facer un cesión por un prazo razoable, entón o Concello tería máis alternativas.

Por outra banda, o propietario desa edificación e parcela debe mantela en condicións óptimas, polo tanto se lle esixirá ao Ministerio que a infraestrutura cumpra con todas as normas urbanísticas e coas Ordenanzas municipais. Algo parecido aconteceu co edificio do INEM, onde se abriu unha liña negociadora.

En todo caso, o primeiro que hai que facer é solicitar esa desafectación á Xunta, a cal fará os trámites para que pase ao Ministerio e, a partires de aí, se poderá iniciar o procedemento.

O **Sr. López Bueno** espera que se tramite con prontitude porque o seu grupo político ten plans e ideas fundamentadas para ese edificio e por iso brindará todo o apoio necesario para a adquisición da titularidade dese ben, porque non é tan pesimista e pensa que con outras solucións intermedias sería suficiente tanto como para acadar financiamento externo como para aplicarllo.

En relación co desdobre da traída do Umia, anteriormente informouse que Augas de Galicia un acordo plenario sobre tres informes, faltando un por elaborar; ante isto pregunta en que estado se atopa o mencionado informe e o procedemento en xeral.

Contesta o **Sr. Alcalde** que se nos trasladou que hoxe se ía aprobar no Consello da Xunta a colaboración técnico-financeira entre a Xunta de Galicia e o noso Concello para a execución desa obra; e, se revisa as actas da Xunta de Goberno Local e que lle son enviadas semanalmente, pode observar que na da sesión 1 de marzo aprobáronse os acordos de aprobación inicial do proxecto, o compromiso de





aportación económica de 140.000 euros por parte do Concello, a posta a disposición dos terreos, trasladar aos usuarios a tarifa que corresponde segundo o sinalado na Ordenanza municipal de Augas e o compromiso deste Concello de asumir a infraestrutura unha vez finalizada a obra; acordos dos que se deron traslado a Augas de Galicia, organismo que xa fixo os seus trámites respectivos e, polo tanto, xa está nas mans do Consello da Xunta de Galicia para a súa aprobación e posterior sinatura do Convenio co Concello da Estrada e así comezar inmediatamente co procedemento de licitación. Polo anterior, pódese comprobar que se están a cumprir as previsións que había feito en anteriores declaracións, contando co remate das obras antes de finalizar o presente ano. Entende que esta explicación difire moito coas valoracións do grupo socialista nos medios de comunicación, valoracións que derivan da política desas pequenas cousas que pasan as veces en Tabeirós, porque parece que a determinadas persoas non lles gusta que as cousas se fagan ben, e sempre que hai algún investimento importante en beneficio dos veciños de Tabeirós aparece alguén que esgalla no medio para intentar xerar certa polémica; pero o tempo pon a cada un no seu sitio, querendo poñer en valor o traballo fantástico do Alcalde de Barrio á hora de informar a cada un dos veciños da importancia desta obra e dos beneficios que suporá, non quedándose sen auga durante parte do verán, dando así resposta a esta obra tan demandada mediante un investimento ambicioso de máis de 750.000 euros que mellorará a calidade de vida das parroquias de Tabeirós e Nigoí.

O **Sr. López Bueno** considera que non houbo polémica con respecto a este tema, de feito el foi o primeiro que dixo no ano 2019 que ía estar no ano 2020, no verán do 2020 dixo que ía a estar no primeiro trimestre do 2021, no 2021 di que as obras comezan no ano 2022...., polo que faise pouco crible a súa contabilidade dos prazos, aínda así espera que esta obra estea feita canto antes. Por outra banda, está en desacordo co mérito que lle da ao pedáneo de Tabeirós, porque cando se fai unha infraestrutura destas características é normal que a xente se adhira sen a necesidade de que ninguén os empurre e anime; se embargo, aconsella que revisen o que se lles está a dicir aos veciños para que non se leven unha sorpresa, e tamén que revise as promesas feitas a determinados lugares de Tabeirós, por exemplo en Sandán, porque a eses veciños se lles prometeu que o asfaltado da súa pista se faría xunto coa obra de acometida do desdobre e non se acometeu, estando descontentos por elo. Remata aclarando que non quere continuar porque non pretende xerar ningún tipo de polémica nin quitar pequenas vantaxes en cuestións deste estilo, porque o seu grupo fai política doutra maneira, estando a pé de rúa e falando cos veciños.

Interrompe o **Sr. Alcalde** dicindo que non hai máis que tirar de hemeroteca, porque o grupo socialista é o rei da hemeroteca. Ademais, sempre que fala o Sr. López Bueno la clava, xa que precisamente hoxe levouse o tema que estamos a discutir ao Consello da Xunta. Ademais o que importa é que ao final os veciños de Tabeirós verán executada a infraestrutura e resolto o seu problema, sentíndose orgulloso de ser o primeiro Alcalde que fai unha actuación de abastecemento de auga desta dimensión no rural e que partiu dun proxecto menos ambicioso.

En canto ao tema dos asfaltados, había varias pistas da parroquia de Tabeirós para actuar sobre elas no proxecto que se está a executar, pero decídese atrasar estes traballos ata que se acometa a obra da rede de abastecemento de auga, xa que non hai sentido en asfaltalas hoxe para levantalas mañá.

Continúa o **Sr. López Bueno** pedíndolle ao Sr. Alcalde, con respecto ao dito sobre hemeroteca, que lea con atencións ás declaracións feitas e así poderá comprobar que dixo “8 meses como mínimo non ía haber inicio da obra”; por outra banda pídelles que se interese polo que os Concelleiros do grupo de goberno lle dixeron aos veciños. En segundo lugar, di que considera que cando se dirixe ao Sr. Alcalde o fai con respecto, polo que as mencións á intelixencia do interlocutor non lle parecen





adequadas, porque aínda que non se considera moi listo tampouco é máis ou menos que outros concelleiros; polo dito, lle pide que non faga mencións de carácter persoal nos debates plenarios, non permitindo que se utilicen esas expresións nin tampouco o ton no que se dirixe a el, non sendo a posición máis adecuada para o moderador das sesións do Pleno.

O **Sr. Alcalde** aclara que, neste caso, non está como moderador, senón que está a responder ás preguntas que se lle formulan, así que non se debe confundir a función de moderador da primeira parte da sesión con esta parte de rogos e preguntas, onde está contestando ás feitas polo voceiro socialista, intentando responder da mellor maneira posible e, ademais, nunca se lle negou información a ningún concelleiro senón que, polo contrario, estableceuse un debate con resposta inmediata ás preguntas que se formulan.

En canto á queixa do voceiro socialista sobre as mencións persoais, di que tamén nos debates ten que sufrir referencias á súa persoa, polo que non cre que o grupo socialista teña a patente e o privilexio de facer estas alusións sen obter resposta no mesmo senso; polo que, se por calquera cuestión ten que chamar a atención a algún concelleiro/a o fará e tamén se defenderá dos ataques que sufra, pero cre que nunca lle faltou o respecto ao voceiro socialista, algo que non sabe se este pode dicir o mesmo.

O **Sr. López Bueno** volve a pedir ao Alcalde que nos debates do Pleno non utilice o ton que soe usar.

Continuando, di que vai a presentar varios rogos:

- Que se procedan a arranxar varias pistas existentes no entorno de Chaometal, na parroquia de A Somoza.
- Prega que se axilice a solución do problema da antena de televisión de Codeseda, porque segue estando no mesmo estado a pesares dos repetitivos rogos en anteriores sesións plenarias
- Que se proceda a reparar o entubado da Avda de Pontevedra que desauga nunca leira privada, rogo reiterado en plenos anteriores. Di ao respecto que SEPRONA lle informou que ese tubo era municipal.

Neste momento quere que se lle conceda a palabra á concelleira do seu grupo, Dna. Belén Louzao, para que de conta doutro rogo.

Toma a palabra a concelleira do grupo socialista, **Dna. Belén Louzao Vieites**, quen comenza manifestando a necesidade de arranxar o trazado da estrada PO-214 (Baloira - Pontecesures), algo que ha sido obxecto de solicitudes ante este mesmo Pleno en anteriores sesións e, incluso, ante o Parlamento de Galicia, preocupando especialmente a existencia de eucaliptos á marxe deste vial que provocan caída de ramas á vía e o deterioro do firme. Informa que se iniciou á poda destas árbores e, por esta razón, a estrada está cortada cunha previsión de corte de 2 ou 3 meses. Polo anterior, quere instar ao grupo de goberno para que se poñan en contacto cos encargados da obra para que melloren o desvío do tráfico que se fixo, porque á altura de San Xurxo desvíase de cara a Frades e Requián para ir de cara a Pontecesures, sen embargo o retorno de cara á Estrada é polo mesmo desvío e recorrido, cando parece máis lóxico que se desvíen polas estradas municipais, sendo máis directo, recto e evitando que crucen ás aldeas provocando problemas para os seus veciños. En definitiva, pide que dende o Concello se solicita que fagan ese desvío directo pola estrada municipal e non por onde vai agora.

Tamén pide que se poñan en marcha as patrullas de bacheo, porque por culpa das choivas as estradas municipais están en mal estado e necesitan arranxo, exemplo delas en San Xurxo de Veá, Barbude, a estrada de Santo André que sería o desvío lóxico da PO-214, a ruta ciclista que baixa de Xesteiras e pasa por Requián de cara á Estrada e tamén, entre outras, a Avda de Santiago.







Á anterior intervención contesta o **Sr. Alcalde** que fai tres semanas que se pecharon coa Xunta de Galicia os traballos do corte dos eucaliptos que están á marxe da PO-214, despois reuniuse co encargado destas obras e co Xefe de Infraestruturas da Xunta para ir en situ a valorar as posibles desviacións do tráfico, preocupándolles en algúns casos a anchura das estradas municipais á hora do cruce de dous vehículos ou o paso do transporte escolar, decidindo que a que se está a utilizar agora era a mellor alternativa, pero promete que mañá falará co Xefe de Infraestruturas para trasladarlle a necesidade que valoren e estuden outra alternativa.

No relativo aos asfaltados ou bacheos, di que a semana que ven coméncase o proceso de selección de persoal con cargo ao Plan Concellos, dentro de cal inclúese a contratación de persoal para a brigada de bacheo que, en colaboración cunha empresa contratada, comezará a finais do mes que ven esa planificación do arranxo das pistas rurais. Con respecto a esta obra de asfaltado de Santo André a Requián, di que está financiada en dous proxectos, un deles aprobado e pendente dende fai dous meses que a Deputación conceda a subvención do Plan Concellos, e o outro está incluídos dentro do PDR 2021, e, unha vez a Deputación resolva, se acometerán ambos proxectos de forma inmediata.

A continuación pasa a enumerar todos os proxectos existentes actualmente para executar os asfaltados de todas as pistas no noso rural neste ano 2021, mobilizando unha cantidade superior aos dous millóns e medio de euros.

Toma a palabra a voceira do grupo político municipal de MOVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, para reiterar a problemática da antena de televisión en Codeseda e que afecta aos lugares de Abragán, Torreboreda e Xustín, volvendo a dicir que o problema se solucionaría co cambio de ubicación da antena e para elo os veciños afectados puxéronse en contacto con RETEGAL, a cal lle di que 50 metros máis arriba a sinal melloraría, polo que pide que sexa cambiada dunha vez por todas a antena de sitio, non sendo unha boa opción esperar que os propietarios das árbores que impide a chegada da sinal as corten, porque non o van a facer.

O **Sr. Alcalde** di que está de acordo, sendo o problema a titularidade do terreo onde se pode instalar a antena, repetindo, unha vez máis, que a antena xa foi cambiada de sitio. Aclara que non existe problema de cambiar a ubicación da antena pero antes hai que ter a autorización do titular da parcela ou ben optar pola súa adquisición, polo que a solución non é tan fácil ao necesitar duns trámites previos, ademais non existe, polo de agora, vontade de ningún veciño para poñer a disposición do Concello un terreo para a colocación do repetidor. Pero se estudará a solución posible.

Continúa a **Sra. Blanco Casais**, trasladando a solicitude duns veciños do lugar de Abragán para que lle sexa asfaltado un camiño que lle da acceso ás súas vivendas, sendo coñecedor desta petición o Concelleiro do Rural, polo que prega que se fagan os traballos o máis antes posible.

Di que no mesmo lugar de Abragán asfaltouse recentemente unha pista e, durante estes traballos, a máquina causou danos importantes nunha ponte de pedra existente nese camiño; polo anterior prega que se lle inste á empresa responsable que reparen o dano causado.

O **Sr. Alcalde** di que descoñecía ese tema, pero se lle trasladará á dirección de obra para que actúe en consecuencia.

A **Sra. Blanco Casais** lembra que aínda non se fixo nada para evitar os vertidos na Barranqueira da Ponte Nova.....

Interrompe o Concelleiro delegado de Rural e Medio Ambiente, **D. Juan M.**





**Constenla Carbón**, para aclarar que se si fixeron actuacións nesa zona, de feito pasouse o control de vertidos da Xunta e lle chamaron onte para comunicarlle que habían solucionado este tema mediante a substitución dunha bomba.

A **Sra. Blanco Casais** informa que tamén hai outros vertidos detrás da fábrica de mobles Irmáns Valcárcel.....

O **Sr. Constenla Carbón** aclara que tamén foi eliminada.

Continuando coa súa intervención a **Sra. Blanco Casais** pide que sexan retiradas ou ben se busque outra solución ás baías sitas na beirarrúa da rúa San Paio ante unha casa en ruínas e que impiden a circulación de peóns mtendo que baixar á rúa para poder pasar.

Responde o **Sr. Alcalde** que o Concelleiro delegado de Urbanismo se puxo en contacto cos propietarios dese inmovible, aos cales se lles requiriu que fixeran labores de mantemento desa vivenda, e estes lle informaron que a semana que ven rematarían cos traballos de consolidación da fachada coa conseguinte retirada das vaías.

Por último, a **Sra. Mar Blanco** pregunta canto se fará o repintado dos pasos de peóns do casco urbano.

O **Sr. Alcalde** lle informa que está solicitado un orzamento para o repintado dos pasos de peóns e de todas as sinalizacións das rúas do casco urbano, esperando que para o mes de maio ou xuño se emprendan estas actuacións, previa a licitación da correspondente contratación.

Interrompe o voceiro do grupo socialista, **Sr. López Bueno**, para lembrar a necesidade dunha praza para persoas con discapacidade.....

O **Sr. Alcalde** lle informa que existen tres, unha na rúa Justo Martínez, outra na Avda Benito Vigo (á altura da Seguridade Social) e outra xunto á Casa do Concello, estando previstas a colocación doutras máis.

Intervén tamén o Concelleiro do grupo municipal de MOVETE **D. Iván M. Sanmartín** informando que hai unha veciña de Fontenlo - Couso chamada Pilar Lorenzo Ares que presentou unha reclamación o día 20 de outubro de 2020 ante as obras de ampliación dun peche perimetral que está a facer un veciño que vulnera a legalidade urbanística. Di que, parece ser, que ela falou co Concelleiro de Urbanismo ao respecto e non se lle dera tramitación a esa reclamación, nin sequera se lle abría expediente. Polo dito, pregunta en que estado se atopa dita reclamación.

O **Sr. Alcalde** toma nota para indagar sobre este asunto, aínda que o expediente está aberto e pendente de facer a visita de inspección urbanística.

Toma a palabra a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, quen comeza cos seguintes rogos, o primeiro é que sexan pintados os pasos de peóns do tramo que atravesa Souto de Veá así como o seu asfaltado, rogo que xa se fixo noutras sesións plenarias; e, o segundo, fai referencia a obra feita recentemente na travesía que vai dos Bolos a Vinseiro, onde se deixou un tramo moi estreito e, incluso, onde existen uns taludes, todo elo fai perigosa a circulación por este vial, polo que roga que se poña unha sinal indicadora, por exemplo de preferencia de circulación nun dos sentidos, ou ben que se faga outro tipo de actuación para solucionar este problema.



O **Sr. Alcalde** lle informa que foron solicitados uns redutores de velocidade, ademais hai que ter en conta que ao facer a limpeza das cunetas e despois aglomerar o desnivel aumenta, corrixíndose despois ao tempo que a estrada vaia asentándose, sen embargo lle trasladará este problema á dirección de obra para que manexen a posibilidade de que nalgún punto se faga unha cuneta de formigón e así anchar o vial e poidan pasar dous vehículos, porque é consciente de que esta estrada ten bastante tráfico.

A **Sra. Camba Castro** lembra a súa petición de que fora corrixido un erro detectado no anuncio publicado no BOP e que afecta ao sentido da votación (pon unánime no lugar de por maioría) relativo á aprobación da licenza do cemiterio de Ribeira e, a este respecto, pregunta se se lle comunicou ao departamento responsable para que procederan á súa corrección.

Intervén a **Sra. Secretaría municipal** para informar que habería que facer a rectificación e volver a facer o anuncio e novamente publicar no BOP, porque trátase dun erro na redacción do anuncio polo departamento responsable, xa que no acordo plenario está correcto; esta rectificación sería complicada porque atrasaría o procedemento ao terse que retraer á fase de publicación novamente.

A **Sra. Camba Castro** di que insiste en que se faga esta corrección.

Noutro orde de cousas, fai referencia a unha noticia na prensa na que o Alcalde e a Concelleira de Benestar Social aparecen na Escola Infantil “Elfos” cun robot, ante esta publicación, pregunta se ese robot é financiado pola propia Escola Infantil ou ben polo administración pública; así mesmo pregunta se ese tipo de robot se vai a levar aos centros públicos.

Responde o **Sr. Alcalde** que nesa presentación estaba el só, e foi a consecuencia dunha visita concertada da Conselleira de Política Social para dar a coñecer esa experiencia pioneira dentro dunha liña de subvencións para escolas de iniciativa social, subvención que os donos de Elfos utilizaron, entre outras cousas, para a adquisición deste robot que ten como obxectivo axudar aos cativos en actuacións básicas en materia de saúde, hixiene, conta contas, etc.

Di a **Sra. Camba Castro** que lle chamou moito a atención que na noticia da prensa se di que o robot fala tres idiomas pero de entrada fala en castelán, sen embargo di frases tales como “*meu creador é galeguiño*” e tamén “*se chove que chova*”, polo que pregunta se lle parece procedente recibir unha subvención da Xunta de Galicia para adquirir un robot que desgaleguiza aos nosos nenos e nenas e practicamente ridiculizando o noso idioma.

Responde o **Sr. Alcalde** que el non é o creador do robot nin o que concedeu a subvención, polo que terá que falar coa Xunta; ademais cando estivo nesa visita o robot tan só contou un conto en galego e puxo unha canción tradicional galega, aínda que é certo que fala en castelán, algo que sinceramente non lle chamou a atención.

A **Sra. Camba Castro** lle parecería interesante saber se nesas subvencións participou política lingüística.

O **Sr. Alcalde** contesta que se trata dunha subvención de política social e a Xunta de Galicia respecta totalmente as iniciativas de política privada, porque estamos ante unhas escolas que prestan un servizo de carácter social e os seus propietarios son os que deciden a que destinan as subvencións que se lles conceden. Neste caso trátase dun investimento innovador e que tivo recoñecemento mediático a nivel galego e

cuxo creador é da zona do Deza con residencia en Canarias; di que se trata dunha experiencia piloto e supón que se irá mellorando o proxecto.

Dirixíndose á Sra. Camba a invita que vaia a esta escola infantil a facer a súa aportación e para que lles diga que se sensibilicen co noso idioma, estando seguro que os donos deste centro as aceptarán encantados.

Di a **Sra. Camba Castro** que a novidade sería que o robot falase integramente en galego e que, ademais, soubese falar outros idiomas.

Continuando coa súa intervención, di que unha asociación solicitou recentemente permiso para a realización dunhas actividades na rúa este sábado, a cal se lle negou, preguntando porque non se lle dou a opción de facelo dentro do Teatro ou outro lugar cuberto ante a previsión de choiva. Quere engadir, así mesmo, que esa asociación desenvolveu esa actividade no Concello de Lalín, o cal lle ofreceu todo tipo de facilidades. Pregunta tamén cales foron os criterios seguidos para negar esta solicitude, lembrando ao Sr. Concelleiro de Cultura que non é necesario solicitar previamente permiso á Subdelegación do Goberno.

O **Sr Alcalde** responde que descoñece totalmente este tema, polo que lle cede a palabra ao Concelleiro delegado de Cultura.

Toma a palabra o Concelleiro de Cultura, **D. Juan M. Constenla Carbón**, para responder ás preguntas da Sra. Camba, a este respecto di que este Concello non presta ningunha instalación para a celebración de actos políticos (recoñecido polo solicitante), a excepción de campañas electorais. En canto á solicitude de permiso á Subdelegación do Goberno, informa que calquera actividades que sexa realizadas na vía pública necesita da previa autorización da Subdelegación do Goberno, tal e como se lle transmitiu ao responsable da asociación, o cal lle recoñeceu que ese trámite era certo. Ante o anterior, di que este Concello fai as cousas dentro da legalidade, aínda que outros Concellos non o fagan.

Por outra banda, informa que lle comunicou á dita asociación que, de cara a outras actividades, pidan a correspondente autorización da Subdelegación do Goberno o uso da vía pública, porque non deixa de ser unha manifestación.

A **Sra. Camba Castro** di que non se trata dunha actividades política, senón doutra a efectuar con nenos e nenas para pintar na rúa; outra cousa é que ao Concelleiro de Cultura lle pareza unha actividade política.

O **Sr. Constenla Carbón** di que o representación da asociación lle transmitiu que era unha actividade política, e non se está a inventar nada.

Continúa a **Sra. Camba Castro** dicindo que non se van a poñer de acordo con este tema, polo que, noutro orde, pregunta se se ten pensado facer unha limpeza de primavera no Museo Reimóndez Portela, porque as silvas están invadindo a súa zona exterior. Lembra que estamos ante un edificio maltratado por este grupo de goberno, o cal está pechado e sen previsión de apertura ao público, lembrando que o mesmo grupo de goberno recoñecía que non coñecían o estado dos fondos depositados no Museo. Considera que o Concello debería preocuparse pola limpeza exterior e interior desta edificación sen esperar que o Director do Museo mandase a rozar as silvas; e, por último, aínda que non se poda visitar, polo menos que se poida pasar por diante e non ter que morrer de mágoa ao observar o seu estado de abandono.

Aproveita, así mesmo, para solicitar formalmente unha visita de todos os membros da corporación para comprobar o estado no que se atopa por dentro o nomeado Museo .

O **Sr. Alcalde** recoñece que a apertura do Museo Reimóndez Portela é un tema pendente, pero estamos ante unha cuestión de prioridades, porque na actualidade





ten preferencia o contar con persoal para abrir os centros educativos e a Casa das Letras, xa que estamos ante unha situación de falta de persoal por mor das xubilacións e baixas non sendo capaces de cubrir todas as prazas vacantes, polo tanto é prioritario dar resposta a esas prazas vacantes, o que non quere dicir que non nos preocupe o Museo, pero é máis importante eses outros centros educativos. Lembra o esforzo importante que fixo este grupo de goberno para o acondicionamento do Museo, prometendo que se falará co Director do mesmo para organizar a visita solicitada e, na medida do posible, intentarase poñer en valor todo o fondo existente na dita edificación.

A **Sra. Camba Castro** di que agardará a convocatoria dese visita, esperando que non se demore moito no tempo, agardando que os fondos estean ben custodiados e en boa conservación, sobre todo porque algúns deles son de propiedade particular que os teñen en depósito e supón que lles gustará saber que esas pezas están en boas condicións.

Non habendo máis intervencións por parte dos grupos políticos que compoñen esta corporación e, dentro do disposto no Regulamento municipal de Participación Cidadán, o **Sr. Alcalde** pregunta se alguén do público asistente a esta sesión quere formular algunha pregunta ou rogo.

Non habendo intervencións por parte do público asistente, levántase a sesión sendo as vinte e dúas horas trinta e tres minutos do día do seu comezo.

---

*Esta acta redáctase conforme ao establecido no Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; na Lei 40/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; e, concretamente, segundo o disposto no Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas de Xustiza, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, o cal sinala no seu artigo 2, entre outros, que as actas son un resumo das intervencións, aclarando que os audios íntegros das intervencións formarán parte do expediente da sesión plenaria, emitíndose o respectivo certificado de autenticidade e integridade do arquivo das gravacións. De todo o anterior faise cumprimento.*

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

---

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 5CR59WCZPSCARQLAGAHPPDDKY | Corrección: <https://aeestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 25 a 25